


UNIVERSIDADE DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA




Recibido un escrito de 8 de maio de 2003 do Ilmo. Sr. decano da Facultade de Ciencias, no que solicita que o prazo da segunda convocatoria ordinaria de exames do curso 2003-04 nesa facultade remate o 20 de setembro de 2004, para evitar a coincidencia de exames do mesmo curso o mesmo día; e tendo en conta o apartado 7 do acordo do Consello de Goberno de 19 de febreiro de 2003 sobre Calendario Académico do curso 2003-04,

ESTA SECRETARÍA XERAL ten por comunicada a adaptación sinalada no Calendario Académico 2003-04 na Facultade de Ciencias, e infórmaa favorablemente por ter carácter excepcional e estar motivada polo beneficio ós alumnos do centro.

A devandita modificación non altera o prazo de entrega de actas sinalado no citado acordo de Calendario Académico.

Santiago de Compostela, 27 de maio de 2003

Secretario Xeral



Joaquín Rodríguez-Toubes Muñiz

SR. XEFE DE SERVICIO DE XESTIÓN ACADÉMICA
Pavillón Estudiantil
Campus Sur